

Exercicios autoavaliabes descargables da unidade 17: Iberoamérica no século XX.

1. Aporta unha breve biografía dos seguintes personaxes políticos:

- Lázaro Cárdenas, presidente de México.
- Fidel Castro, presidente de Cuba
- Salvador Allende, presidente de Chile
- Hugo Chávez, presidente de Venezuela
- Evo Morales, presidente de Bolivia
- Lula da Silva, presidente de Brasil

2. Define os seguintes movementos sociais sinalando a que país pertencen e algunhas datas importantes:

- Guerrilla zapatista
- Peronismo
- Movemento sandinista
- Movemento cocalero

Solucións:

1. Aporta unha breve biografía dos seguintes personaxes políticos:

- **Lázaro Cárdenas, presidente de México** de 1934 ata 1940 cando en España rematou a Guerra Civil acolleu a maior parte dos republicanos que saíron exiliados de España (intelectuais, políticos e profesionais) e ocupouse de que se asentaran no seu país, facilitándolles a integración na sociedade mexicana.

Pertencía ao Partido Nacional Revolucionario, foi quen montou a estrutura do PRI, fixo efectiva a reforma agraria mediante cooperativas de terras (exidos) e nacionalizou o petróleo e o ferrocarril. En 1937 por intercesión da súa dona, asilou a 456 menores, orfos de guerra e fillos de combatentes republicanos españois dándolles aloxamento, manutención e educación na cidade de Morelia.

Cárdenas puxo baixo a súa protección aos exiliados españois tamén en Francia, especialmente ao presidente Azaña que morreu baixo protección diplomática mexicana.

- **Fidel Castro, presidente do Consello de Estado de Cuba** desde 1976 ata 2008, xa era Primeiro Ministro desde 1959. Actualmente exerce como Primeiro Secretario do Partido Comunista de Cuba e como comandante en xefe das Forzas Armadas Revolucionarias.

Iniciou a revolución cubana contra o ditador Baptista co asalto ao cuartel da Moncada en 1953 polo que foi condenado a prisión. Pola presión internacional, foi exiliado da illa e desde México planeou a revolución cubana que triunfou en 1959. Debido á presión exercida polos Estados Unidos ao nacionalizar a economía, que decretaron o embargo á economía cubana, estableceu relacións estreitas coa Unión Soviética.

Castro dirixiu un goberno de corte soviético e tivo os mesmos problemas económicos que a URSS. Nos anos noventa, coa desmembración da URSS, Castro trata de que sobreviva o comunismo en Cuba pero está obrigado a permitir certos investimentos capitalistas na illa.

- **Salvador Allende, presidente de Chile** de 1970 ao 1973 pertencía ao partido socialista de Chile. Foi o primeiro presidente marxista no mundo, elixido democraticamente. Intentou facer as reformas necesarias, co apoio dos partidos de centro, e iniciou a nacionalización de bens e servizos estatais que se atopaban en poder de compañías estadounidenses, como a nacionalización do cobre. A oligarquía terratenente dos Estados Unidos financiaron e prepararon un golpe de estado militar para derrocalo, no que participaron as tres ramas das Forzas Armadas e en 1973 o xeneral Augusto Pinochet atacou con avións e tanques o palacio da Moneda. Allende suicidouse antes de se render. Este feito converteuno nun símbolo para a esquerda internacional.

- **Hugo Chávez, presidente de Venezuela** desde 1999 ata a actualidade pertence ao Partido Socialista Unido de Venezuela. É militar. É presidente da República Bolivariana de Venezuela, xa que fundou este movemento: Movemento Bolivariano Revolucionario 200, en alusión aos douscentos anos do nacemento de Simón Bolívar, libertador de Venezuela. Intenta construír unha nova república con oficiais de rango medio, que tiñan as mesmas ideas ca el. Iniciaron a sublevación en 1992, simultaneamente en varias cidades: Maracaibo, Caracas, etc.. Tomou pola forza a estación estatal de Televisión, pero non triunfa o golpe de estado. Chavez admite a súa derrota na televisión, convertendo unha derrota militar nun triunfo político.

Gañará as eleccións en 1998 coa promesa de cambiar a constitución vixente. A súa presidencia pasa por distintas etapas, bastante convulsas o que inclúe un golpe de estado en 2002, un referendun en 2004 e as eleccións parlamentarias de 2006.

- **Evo Morales, presidente de Bolivia** desde 2006 e continúa na actualidade. Pertence ao partido Movimiento al Socialismo. É de orixe uru, como podedes ver na foto final da unidade 17; dirixente sindical boliviano de orientación socialista. É o primeiro mandatario de orixe indíxena na historia de Bolivia, o que espertou o interese internacional e tamén pola súa proposta de realizar cambios radicais nas estruturas económicas, sociais e políticas do país. Como dirixente do MAS liderou as maiores protestas sociais do século XXI en Bolivia, reclamando sobre todo a recuperación da propiedade estatal plena sobre o gas e outros hidrocarburos, dados en concesión a empresas privadas estranxeiras, o que inclúe a Repsol. Nas eleccións de 2005 obtivo case o 54% dos votos. O seu sindicalismo iniciouse cos cocaleros, (cultivadores de coca) que se resistían a que se erradicasen os seus cultivos, xa que era unha parte da súa cultura ancestral dos Aymara (cultura indíxena), contraponendo a idea de “cocaína cero” en lugar de “coca cero” que esixía o goberno estadounidense.

- **Lula da Silva, presidente de Brasil** desde 2003, foi dirixente do Partido dos Trabalhadores. Descendente de familia campesiña foi limpabotas en Sao Paulo. Tamén traballou de mecánico e auxiliar de oficina. Foi sindicalista no gremio dos metalúrxicos e en 1978 retomou a idea de volver ás manifestacións públicas a grande escala. Aquí xurdía a idea de formar o partido dos Trabalhadores que dirixiría despois. Presentouse dúas veces como candidato ás eleccións en 1989 contra Collor de Melo, eleccións que foron convenientemente dirixidas pola clase media, que tiña medo do pasado sindicalista de Lula, e en 1994, cando Collor de Melo estaba acusado de corrupción, novamente foi derrotado por Henrique Cardoso, intelectual respectado. E gaña as eleccións en 2002 co maior número de votos da historia democrática brasileira (52,4 millóns de votos) acadando o 61% dos sufraxios.

O novo goberno foise asentando, desenvolvendo programas sociais, consolidando a economía, baixando a inflación e reducindo o desemprego. A súa xestión máis importante foi liquidar anticipadamente o pago das débedas co Fondo Monetario Internacional.

Sobre a crise de 2008, Lula expresou unha aberta crítica ao sistema financeiro internacional e ao Goberno estadounidense en particular.

2. Movimentos sociais.

- **Guerrilla zapatista:**

É o Exército Zapatista de Liberación Nacional. É unha organización político-militar que saíu á luz no pobo mexicano de Chiapas en 1994. O seu discurso defínese como un movemento de esquerdas e anticapitalista que non busca a toma do poder central. Defenden os dereitos colectivos e individuais dos indíxenas mexicanos. Tamén é unha organización armada que é coñecida polas Declaracións da Selva Lacandona, vai pola sexta en 2005.

- **Peronismo**

Chámase Movemento Nacional Justicialista creado ao redor de Juan Domingo Perón. Naceu despois do golpe de estado de 1943 en Arxentina, apoiado por novos oficiais do exército. Inicialmente eran 17 oficiais amigos entre eles (Grupo de Oficiais Unidos). O movemento peronista presentou a Perón como candidato ás eleccións no ano 1946, gañándoas. A situación económica de Arxentina favorecíalle porque estamos na

posguerra Mundial e os países que participaron na guerra eran debedores do trigo e da carne arxentina. Pero Perón intentou unha vía económica nacionalista que levou ao país á crise. O peronismo se relaciona coas clases traballadoras a través do propio líder. Utilizan o nome de “descamisados”. Tentou manterse no poder com. métodos dictatoriais, e tivo que dimitir e fuxir, aínda que volveuse uns anos despois.

- Movemento sandinista

Foi fundado por Daniel Ortega en 1961 en Nicaragua. Chámase Fronte Sandinista de Liberación Nacional, é unha organización política de esquerdas, seguidora do líder nicaraguense Augusto Sandino, e que emprendeu unha guerra de guerrillas contra a intervención estadounidense no seu país durante as primeiras décadas do século XX. Actualmente forma parte da Internacional Socialista. No ano 1979 conseguiu derrocar do poder ao ditador Anastasio Somoza iniciando un goberno de reconstrución nacional. Volverán ao poder en 2006, pero xa perderan gran parte do seu prestixio inicial.

- Movemento cocalero

Nace en Bolivia cando Estados Unidos decide que a loita contra a droga e o control da manufactura da cocaína é prioritaria. Os países produtores: Bolivia, Colombia e Perú comezan a ser o eixo do control policial e militar para erradicar o cultivo da folla de coca tradicional dos indíxenas bolivianos. Segundo esta política, os produtores debían substituír esta produción por outras alternativas, pero non daban rendemento económico suficiente. A partir da década dos oitenta, e como resposta á violencia policial, os produtores se agrupan, para dar resposta, nos sindicatos campesiños das cinco federacións da zona de Cochabamba. E estalla o conflito de Chapare no que hai enfrontamentos, represión e resistencia entre o movemento cocalero e o estado boliviano. Era dirixido este movemento por Evo Morales.